

(Para cantar coa música de Resistiré)

De Ferrol é Carvalho Calero ,

do 30 de outubro do ano 10,

finia en Compostela con 80,

o 25 de marzo é.

Gran historiador, mellor lingüista,

crítico, filólogo, escritor,

membro do Partido Galeguista,

e o primeiro catedrático

de Lingua e Literatura Galegas

da Universidade de Compostela, e tamén

numerario da Academia Galega,

do Seminario de Estudos Galegos e de AGAL...

MEMBRO DE HONRA!!! E foi o ideólogo

do reintegracionismo, que axunta o portugués

e o galego como unha mesma lingua,

é a causa de que escolla o uve e abandone o b.

Escribiu fermosa poesía,

como Futuro Condicional,

ou grandes obras de narrativa

Skórpio ou Xente da Barreira.

Reticências e Fillo de Eva,

A Arbre, ou A Sombra de Orfeu,

a Farsa das zocas, Trinitárias,

son hoxe grandes obras que ten

a Lingua e Literatura Galegas,
son grazas a Ricardo Carvalho, que foi tamén
numerario da Academia Galega,
do Seminario de Estudos Galegos e de AGAL

MEMBRO DE HONRA!!! E empregou pseudónimos
Como Erik Larsson, Ílex ou Fernando Cadaval,
José Loureiro, Leopoldo Calero,
Martinho Dumbria e tamén Namiq Ziyá.

MEMBRO DE HONRA!!! E foi o ideólogo
do reintegracionismo que axunta o portugués
e o galego como unha mesma lingua,
é a causa de que escolla o uve e abandone o be.

Dulce Fernández Graña maio 2020